

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmos Romero, Yolanda
Pozo Triviño, M^a Isabel del
Quintero Martínez, Félix
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Sánchez Moreiras, Adela María

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Formella, Arno
Garza Gil, María Dolores
Lorenzo González, M^a de las Nieves
Pazos Couto, José María
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Rodríguez, M. Rosa
Rodríguez Domínguez M^a del Mar
Rodríguez Vázquez, Virxilio

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
López Ardao, Jose Carlos
López Mira, Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Porteiro Fresco, Jacobo
Romo Pérez, Vicente
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica
Torres Romay, Emma

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé

ESTUDANTES

Lima González, Estela
Martínez Gómez, Sandra María
Redondo Cervantes, Montserrat
Rodríguez Pousa, Estela

PTXAS

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, M^a Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
García Eirín, José Manuel

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

González González, Jaime
Pérez Vázquez, María Consuelo
Valderrama Santomé, Mónica

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 23 de febreiro de 2026, convocada para ás 9:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 23 de febreiro de 2026 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos do Edificio Ernestina Otero do Campus de Vigo.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de xaneiro de 2026.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da memoria do Programa Académico de Simultaneidade de Dobre Grao en Publicidade e Relacións Públicas e Grao en Comunicación.
4. Ratificación, se procede, da declaración de interese do Máster Universitario en Viticultura e Enoloxía.
5. Información sobre o lanzamento dunha experiencia piloto de plataforma de micromecenado na Fundación Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Instituto de Investigación en Ciencias do Deporte (CIDEGA).
7. Aprobación, se procede, da proposta de prezos para os complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2026/2027.
8. Elección de representantes na Comisión de seguimento do Plan Estratéxico: 5 PDI; 2 PTXAS; 4 estudantes; 4 decanos/as ou directores/as de centro; 4 directores/as de departamento; 1 membro do Consello Social; 1 axente externo/a.
9. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 estudante do ámbito Campus do Mar.
10. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de xaneiro de 2026.

O reitor pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Xornada de seguimento dos programas de UNISF.
- Reunión da Comisión Electoral e publicación do calendario das eleccións ao Claustro e á Reitoría.
- Recepción da medalla de honra do Instituto Politécnico de Bragança.
- Xuntanza na Consellería para avanzar no Campus CREA.
- Xuntanza en Santiago de Compostela cos dous conselleiros para avanzar no tema de Enfermaría.
- Visita do reitor de Vilnius Tech.
- Consenso sobre o novo/a valedor/a universitario/a. Agradece o apoio da Asesoría Xurídica para clarexar a situación para proceder ao nomeamento da persoa que ocupe a Valedoría.
- Nova sesión do Consello Reitor do Campus Auga.
- Sesións dos consellos reitores de atlantTic, Cidega e iLingua.
- Acto de entrega do busto de don Celso á Facultade de Filoloxía e Tradución.
- Xuntanzas dos dous grupos de traballo para a descentralización de Medicina.
- Sesión de traballo no Cunqueiro co persoal acreditado.
- Seguen as negociacións do convenio colectivo PI e PAI.
- Exposición pública da normativa sobre o uso da intelixencia artificial.
- Acto académico de San Tomé.
- Benvida ao estudantado estranxeiro nos tres campus.
- Na procura de sinerxías nos Campus de Especialización.
- Primeira pedra da planta de semicondutores SPARC. Agradece a David Regades o seu apoio nos proxectos da Universidade de Vigo, é un importante socio estratéxico.
- Presentación do estudo sobre empregabilidade 1990-2024 en Redeiras.
- Sesión de traballo no Campus de Ourense para empurrar o IFL.

Remata o informe ás 10.16.

3. Aprobación, se procede, da memoria do Programa Académico de Simultaneidade de Dobre Grao en Publicidade e Relacións Públicas e Grao en Comunicación.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Educativa, quen fai a seguinte presentación:

Informado favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 23 de xaneiro de 2026

TITULACIÓNS QUE SE OBTERÁN:

- Grao en Publicidade e Relacións Públicas
- Grao en Comunicación Audiovisual

CENTRO RESPONSABLE E DE IMPARTICIÓ:

- Facultade de Comunicación

OFERTA DE PRAZAS (aprobada no CG do 22 de decembro de 2025):

- 10

COORDINACIÓN PAS2G:

- Coordinador/a do PAS2G
- Coordinador/a do Grao en Publicidade e Relacións Públicas
- Coordinador/a do Grao en Comunicación Audiovisual
- Un representante do PDI
- Un representante do estudantado

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 23 de xaneiro de 2026

DURACIÓN DO PROGRAMA: 360 ECTS

DISTRIBUCIÓN DAS MATERIAS:

- 5 cursos de 72 ECTS por curso

PLANIFICACIÓN TEMPORAL DA DOCENCIA	
CURSO	CRÉDITOS
1.º	72
2.º	72
3.º	72
4.º	72
5.º	72

MATERIAS	ECTS
Formación básica	78
Obrigatorias	252
Optativas	0
Prácticas en empresa	12
TFG Publicidade e RR.PP.	12
TFG Comunicación Audiovisual	6

TÁBOA DE RECOÑECEMENTOS:

materias de formación básica, materias obrigatorias e materias optativas

Universidade de Vigo



Emma Torres, como decana da Facultade de Comunicación, pide que conste en acta o agradecemento do seu centro, tanto ao vicerreitor como a María José Moure, polo seu traballo para que puidera saír adiante o programa académico de simultaneidade.

Apróbase por asentimento.

4. Ratificación, se procede, da declaración de interese do Máster Universitario en Viticultura e Enoloxía.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Educativa, quen informa sobre a declaración de interese deste máster:

Declaración de interese: aprobada no consello de goberno do 2 de decembro de 2024.

Mestrado en viticultura e enoloxía	
Ámbito de coñecemento	Ciencias agrarias e tecnoloxía dos alimentos
Titulación	Propia
Centro de Impartición	Facultade de Ciencias
Datas das xuntas de centro nas que se aproba a proposta	18 de outubro de 2024 6 de febreiro de 2026
Modalidade de impartición	Híbrida
Adaptación á declaración de interese do curso 2027/2028	Si
Cumpre os requisitos xerais e específicos do SUG segundo o Decreto 822/2011	Si

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

5. Información sobre o lanzamento dunha experiencia piloto de plataforma de micromecenado na Fundación Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, quen informa desta experiencia piloto do seguinte xeito:

Campaña de reforestación e de recuperación de danos polos incendios

No marco das actividades de sensibilización ambiental da Oficina de Medio Ambiente, a Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade promove esta campaña.

Dous eixes:

- Un programa de voluntariado desenvolvido coa Vicerreitoría de Extensión Universitaria.
- Unha campaña de micromecenado desenvolvida coa Fundación Universidade de Vigo (Fuvi).

A organización da campaña conta coa colaboración e co asesoramento da asociación ecoloxista Ridimoas e do profesor da Escola de Enxeñaría Forestal, Juan Picos Martín.

Os fondos para levar a cabo a campaña recadaranse a través dunha campaña de micromecenado desenvolvida pola Fundación Universidade de Vigo.

Información sobre a experiencia piloto da plataforma de micromecenado

Esta iniciativa foi desenvolvida pola Fuvi como unha actividade propia, sen encargo da Universidade de Vigo.

Proposta como unha experiencia piloto para poñer en marcha unha plataforma de micromecenado que se podería poñer ao servizo da comunidade universitaria de Vigo para levar a cabo diversas campañas de recadación de fondos para financiar:

- Proxectos de investigación
- Asociacións de estudantes
- Proxectos sociais,...

Para este fin, será necesario desenvolver e aprobar un protocolo de actuación da Universidade de Vigo, que será froito dun traballo posterior.

Información sobre a experiencia piloto da plataforma de micromecenado

A iniciativa está inspirada noutras similares postas en marcha noutras universidades públicas españolas dos que existen diversos exemplos de modelos de xestión e de administración:

- Plataforma de mecenado da Universidad de Alcalá. Actividade desenvolvida pola Fundación General Universidad de Alcalá.
- Plataforma Comunizar da Universidad de Zaragoza. Servizo propio de micromecenado cuxa xestión e administración están contratadas a unha empresa externa.
- Plataforma Sumo Valor da USC. Servizo propio xestionado e administrado a través da sede electrónica da USC.

Información sobre a experiencia piloto da plataforma de micromecenado



FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO Universidade de Vigo

Campaña de reforestación e recuperación de danos polos incendios

A Fundación Universidade de Vigo xunto coa Universidade de Vigo organizan unha campaña de reforestación e recuperación tras os incendios nos montes de Carballeda de Avia, en Ourense. Alígonos a recuperación destes montes onde realizaremos esforzos de reforestación con árbores e arbustos autóctonos, así como traballos de conservación do solo e prevención de futuros lumes.

Podes apoiar esta campaña cunha doazón e, se es membro da comunidade universitaria, inscribíndote como voluntario/a. Podes atopar información sobre a campaña de voluntariado na sección de preguntas.

RECADADO	OBXECTIVO
0€	20.000€
DOAZÓNS	FALTAN
0	20.000€

0%

[Aportar](#)

Información sobre a experiencia piloto da plataforma de micromecenado



FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO Universidade de Vigo

Inicio A Fundación/Transparencia Prácticas Emprendemento Formación Centro de Linguas Axudanos a mellorar Eventos

Fai a túa doazón

1 Cantidade 2 Detalles 3 Pagamento

5,00 € 20,00 € ✓ 50,00 €

Outro

SIGUIENTE

6. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Instituto de Investigación en Ciencias do Deporte (CIDEGA).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación,

TÍTULO I. NATUREZA E OBOECTIVOS DO INSTITUTO	2
Artigo 1. Natureza, denominación, réxime xurídico e adscrición	2
Artigo 2. Obxectivos do Cidega.....	2
TÍTULO II. ORGANIZACIÓN E GOBERNO	4
Artigo 3. Estrutura organizativa e de goberno	4
Artigo 4. Xunta directiva	4
Artigo 5. Dirección.....	5
Artigo 6. Comisión científica.....	6
Artigo 7. Comité asesor externo.....	7
Artigo 8. Secretaría	8
Artigo 9. Unidade de xestión	8

TÍTULO III. DO PERSOAL	8
Artigo 10. Membros	8
Artigo 11. Proceso de vinculación e desvinculación	9
TÍTULO IV. RÉXIME ECONÓMICO	10
Artigo 12. Recursos	10
Artigo 13. Orzamento	11
Artigo 14. Equipamento	11
TÍTULO V. CONTROL E AVALIACIÓN	11
Artigo 15. Seguimento	11
Artigo 16. Ética na investigación	11
Artigo 17. Contratación de persoal	11
TÍTULO VI. POLÍTICA DE PUBLICACIÓN E VISIBILIZACIÓN DO INSTITUTO	12
Artigo 18. Proxección e visibilidade	12
TÍTULO VII. ENTRADA EN VIGOR	12
Artigo 19. Entrada en vigor	12

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da proposta de prezos para os complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2026/2027.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade,

Precios O Castro y As Burgas. Curso 2026-27														
		curso 24/25					curso 25/26				curso 26/27			
Tipo de habitación:	Propuesta precios alquiler	Precios a aplicar	Propuesta precios alquiler	Propuesta matrícula prorrataada	Propuesta alquiler + matrícula prorrataada	Precios a aplicar	Propuesta matrícula prorrataada (2º año)	aloj+matrícula repercutida	Propuesta alquiler + matrícula prorrataada	Precios a aplicar	Propuesta matrícula prorrataada (1º año)	aloj+matrícula repercutida	Propuesta alquiler + matrícula prorrataada	Precios a aplicar
	2023-24	2025-24	2024-25	2024-25	2024-25	2024-25	2025-26	2025-26	2025-26	2025-26	2026-27	2026-27	2026-27	2026-27
Estudio individual	353,34	353,50	364,29	5,73	370,02	370,00	5,73	375,73	386,25	386,25	5,73	391,98	403,35	403,35
Estudio individual comp. cocina	353,34	353,50	364,29	5,73	370,02	370,00	5,73	375,73	386,25	386,25	5,73	391,98	403,35	403,35
Estudio doble	271,22	271,00	279,62	5,73	285,35	285,00	5,73	290,73	298,87	299,00	5,73	304,00	313,43	313,45
Estudio individual sup. (Ourense)	487,23	487,00	502,33	5,73	508,06	508,00	5,73	513,73	528,11	528,00	5,73	533,84	549,33	549,30
1,057			1,031				1,028					1,029		

Apróbase por asentimento.

8. Elección de representantes na Comisión de seguimento do Plan Estratéxico: 5 PDI; 2 PTXAS; 4 estudantes; 4 decanos/as ou directores/as de centro; 4 directores/as de departamento; 1 membro do Consello Social; 1 axente externo/a.

O reitor comenta que se presentaron as seguintes candidaturas:

5 PDI:

- Ana María Bernabeu Tello (Facultade de Ciencias do Mar).
- Jacobo Porteiro Fresco (Escola de Enxeñaría Industrial)
- Mónica Siota Álvarez (Facultade de Dereito).

Non é necesario celebrar eleccións.

2 PTXAS:

Non se presentou ningunha candidatura.

4 Estudantes:

Non se presentou ningunha candidatura.

4 decanos/as ou directores/as de centro:

- José Fariña Rodríguez (Escola de Enxeñaría Industrial)
- María de los Ángeles Peña Gallego (Facultade de Química)
- María Mercedes Soto González (Facultade de Fisioterapia)
- Emma Torres Romay (Facultade de Comunicación)

Non é necesario celebrar eleccións.

4 directores/as de departamento:

- José Carlos López Ardao (Departamento de Enxeñaría Telemática)
- María del Mar Rodríguez Domínguez (Departamento de Organización de Empresas e Mercadotecnia)
- Carmen Sieiro Vázquez (Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde).

Non é necesario celebrar eleccións.

1 membro do Consello Social:

Non se presentou ningunha candidatura.

1 axente externo:

Non se presentou ningunha candidatura.

Apróbanse por asentimento.

9. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 estudante do ámbito Campus do Mar.

O reitor informa que se presentou a seguinte candidatura:

- Rocío Blanca Sujar (Centro de Investigación Mariña, CIM).

Non é necesario celebrar eleccións.

10. Quenda de Intervencións.

Miguel Cuevas fai a seguinte intervención:

“Veño a por aquí de novo enriba da mesa unha cuestión que como sabe este Consello de Goberno preocupou enormemente á parte social, na súa totalidade como se puxo enriba da mesa de negociación, polo que implicaba con respecto aos dereitos de excedencia establecidos na Lei de Ciencia. Vimos de coñecer a sentenza STSJ GAL 7949/2025, na que se resolve esta cuestión e que confirma sen lugar a dúbidas a opinión expresada pola parte social en anteriores sesións de este Consello. Agradezo ao reitor que non se presentara recurso de casación.

Trala denegación por parte de este Consello da excedencia á profesora Barreiro, o xulgado de Vigo veu de por medidas cautelarisimas que foron confirmadas posteriormente na súa sentenza. Desde a parte social incidimos de novo neste Consello en diversas cuestións que, agora a antedita sentenza ben a por negro sobre branco. Nesa sesión a profa. Carmen Ruiz, catedrática do Departamento de Dereito Público Especial e partidaria da denegación da excedencia, tentou darnos unha clase de dereito poñendo en tela de xuízo o auto de medidas cautelarisimas do xuíz de Vigo e a súa sentenza e cualificou as intervencións da parte social como “moito ruído, un ruído enxordecedor”, como se recolle na acta correspondente (20/12/2024). O ruído que ela fixo nesa sesión ven de ser apagado cun sopro de recoñecemento de dereitos que ela pretendía inexistentes.

Dicía esta profesora naquela sesión segundo a acta que:

[o auto] ven a dicir que os departamentos non teñen facultade para emitir ningún tipo de informe (non debeu ler os Estatutos da Universidade de Vigo), e ademais di que ten que haber un convenio entre a Universidade de orixe e o Centro de destino ao que irá cunha excedencia a profesora Barreiro Barril, e que excede as competencias do departamento determinar que efectivamente se cumpren con eses requisitos

é un auto que se ha excedido, non porque o diga Carmen, senón porque o di a lei da Ciencia, , no seu artigo 17, que ten uns requisitos, que di que ten que haber un informe preceptivo positivo e debidamente motivado. De non facelo así incorrería a Universidade en discrecionalidade, e non é o que pode facer o Consello de Goberno.

Sinalaba tamén, di a acta:

Agradece tamén que a Universidade recorra este tema, independentemente de que cre que o tribunal superior vai obrigar a que se entre no fondo do asunto, porque senón estaríamos ante un prexuízo para ambas partes, e terá que sustanciarse ante o ámbito contencioso.

E efectivamente non é porque o diga Carmen Ruiz, senon que Carmen Ruiz non estaba acertada, pois a súa lectura do auto foi, na miña opinión, feita de parte e así o expresei nesa sesión do Consello de Goberno.

Algúns dos parágrafos da sentenza do TSXG, que concordan coa posición sindical expresada naquelas sesións deste Consello de Goberno, deberían ser ben rumiados por este Consello de Goberno para que non produzan nos seus membros unha indigestión. Di a sentenza que na decisión sobre esta excedencia:

La cuestión es si tal informe era preceptivo y vinculante, esto es, que no dejaba margen de decisión a los órganos competentes para ello, que es, en efecto, lo que se trasluce en el acta del Consejo de Gobierno, según lo antes expuesto, y en función de lo que se informó por la Asesoría Jurídica, hasta el punto de que se inició la sesión advirtiéndole de la posibilidad de incurrir en prevaricación si no se ajustaba esa decisión al informe desfavorable emitido.

e fronte ao que aquí defendeu a Reitoría e con ela algúns membros deste Consello e os que, finalmente, votaron en contra da concesión da excedencia, di o Tribunal que a concesión no pode limitarse únicamente al interés del propio Departamento, sino, como dice el precepto, al interés de la propia Universidad, lo cual excede el ámbito de información que puede corresponder al Departamento aquí informante, y resultando por ello la improcedencia de que lo por él informado se considere vinculante en la decisión finalmente adoptada.

Así, este Consello de Goberno, para os que cremos unha universidade das persoas e defendemos a outra postura, a non concesión da excedencia e que se tomara o informe do Consello de Departamento como vinculante, renunciou, ao renunciar a pronunciarse con xustiza sobre este tema, a valorar se era xusta a oportunidade de resolución alternativa, a valorar con criterio xurídico e centrado na Lei da Ciencia el custe de oportunidade, as vantaxes e beneficios da estadía para a Universidade de Vigo. Pero o máis grave e avergónzante é que renunciou á garantir que as actuacións e as súas decisións foran neste caso respectuosas de xeito pleno cos dereitos fundamentais das persoas que constitúen o PDI desta Universidade, pois tomando a decisión que se tomou, deixouse, agora xa si con visos de ilegalidade, aos pes dos cabalos (ou mellor dito de filias e fobias departamentais) ao profesorado desta institución. Así o resume o Tribunal:

los órganos que se consideran decisorios del expediente de solicitud de excedencia abdicaron de sus responsabilidades y adoptaron la decisión denegatoria de la excedencia sobre la base del informe negativo del Departamento.

se dejó de valorar la repercusión de la solicitud de excedencia de la recurrente en las necesidades del servicio y en el interés de la propia Universidad en los trabajos que se realizarían como contenido de la excedencia, pues se basó la decisión adoptada exclusivamente en el informe negativo emitido por el departamento de Derecho público, contrario a la concesión de la misma.

en lo que se incide en la sentencia apelada es en la falta de decisión real por quienes debían hacerlo, y con análisis de las necesidades del servicio y del interés de la Universidad en la actividad que se desarrollaría durante la excedencia

Oxalá teñamos aprendida a lección. Espero que as persoas precandidatas a reitor/a desta Universidade garantan un Consello que faga xustiza ao seu nome: aconsellar, ser guía. O Consello de Goberno da Universidade non pode ser un mero espectador mecánico do procedemento administrativo, debe pensar criticamente e protexer os dereitos das persoas que puxeron a súa

confianza como órgano de goberno nel. Non se pode priorizar, prezados colegas, a eficiencia formal sobre a efectividade dos dereitos: a sentenza mostra que cos votos da maioría deste Consello de Goberno non se priorizou nin o primeiro nin o segundo.

Reflexionemos sobre o que estivemos facendo ultimamente”.

O reitor responde que segue pensando que fixemos o que cumpría facer, e estábamos en terra incógnita, no senso de que a Lei da Ciencia establece que a unidade (aínda que non se lembre exactamente de como di), polo que se entende o Departamento, debía facer ese informe. En canto o xuíz ditou medidas cautelarísimas, priorizamos que a profesora puidera ir ao centro de investigación. As opinións son en ocasións varias, e nun Estado de Dereito o xuíz toma despois as decisións correspondentes. Non vai a facer un relatorio do que os xuíces fan noutras ocasións seguindo o que di o Consello de Goberno. O que debemos é ter unha norma interna, unha norma explícita, cunha redacción que clarexe o que se debe ou non incluír. Non hai por que dicir que a xente se trabucou, porque cre de verdade que toda a xente que interveu o fixo de boa fe. Aproveitemos isto para que en positivo fagamos esta norma.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:51 h. do día 23 de febreiro de 2026, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral